


Así vivimos en Infantil o segundo trimestre

Á volta do Nadal decoramos as clases coa nova estación. Picamos as árbores, as portas das casas, os cristais das ventás e fixemos o mural do inverno.



Memorizamos poesías: “o inverno chegou e frío e chuvia deixou”
“ en xaneiro bufanda, abrigo e sombreiro”

Aprendemos cancións:



eu poño a bufanda,
eu poño o chaquetón,
un bo gorro,
e na miña casa
...a calefacción.



En xaneiro traballamos a Unidade Didáctica “os xoguetes”



Pasámolo ben construíndo xoguetes con material de refugallo.Despois de pegar e pintar,fixemos unha exposición.



O 30 de xaneiro celebramos o día da Paz.

Falamos nas clases do que é para nós a paz.

Preparamos un conto relacionado coa amizade: “ a ra vexetariana”



Sáímos ao patio e todos xuntos cantamos a canción: “o vals da paz”



En febreiro traballamos a Unidade Didáctica: “a casa”

Falamos dos distintos tipos de casa:

- casas de madeira
- casas de ladrillo
- a casa dos esquimós
- as tendas do deserto...


Lemos e reflexionamos sobre o conto: “as casas do mundo”

Buscamos en revistas diferentes modelos de casas.

Debuxámonos na nosa casa coa nosa familia... e divertímonos co conto dos tres porquiños.

Fixemos a portada da unidade didáctica debuxando diferentes tipos de casas.

No entroido disfrazámonos de amorodos .Choveu e daquela desfilamos dentro da carpa, pero pasámolo ben cantando e bailando en parellas a murga: “froita natural” e comendo freixós e orellas.



Tamén quixemos participar no concurso de animación á lectura facendo uns marcapáxinas nas clases.

En marzo, ante a chegada da primavera organizamos unha saída a unha florería da vila. Aprendemos o nome de moitas flores, algunhas que xa descubrimos nós; disfrutamos cores das rosas, orquídeas. Descubrimos as observamos como vimos diferentes

Foi unha mañá



nome de moitas recoñecemos coñeciamos e moitas novas para coas fermosas dos claveis e das partes dunha flor, se fan os ramos e tipos de plantas.

divertida.

De volta á clase, reflexionamos sobre a experiencia e fixemos unha actividade plástica da mesma.

- “ lo que más me gustó fue el árbol pequeñito” (Juan, 5 anos)
- “a mi me gustaron los cactus” (Antón, 3 anos)
- “vi las coronas y cuando vi las coronas estaban todas con papel y yo quería que me dieran una rosa como a las profes” (Julia, 4 anos)

